



Cultura, 05 febreiro 2007

Trátase dunha obra experimental do cineasta do Carballiño Alberte Pagán

O CINECLUBE DE COMPOSTELA ESTREA O FILME GALEGO "BS. AS."

O Cineclube estrea en Compostela o filme "Bs. As.", a última obra do cineasta do Carballiño Alberte Pagán. A cinta é definida como unha "sinfonía" da cidade de Bos Aires e narra a historia dos

familiares de Alberte Pagán na Arxentina. A oportunidade para gozar desta documental é o mércores 7 de febreiro ás dez da noite no local social O Pichel. O director asistirá a proxección e participarán nunha charla-coloquio ó remate da mesma.

"Bs. As." foi xa amosado no Festival Internacional de Cinema Independente de Xixón e vén de ser seleccionado para a competición oficial no Festival Internacional de Cinema Documental de Nafarroa "Punto de Vista", un certame de referencia para o cinema documental europeo. Alberte Pagán é a principal figura do cinema experimental en Galiza, tanto na súa faceta de realizador como na de investigador. "Conversas em Zapatera", "Como foi o conto" e "Os Waslala" son as súas anteriores obras.

Autor : Elena Dopico López